

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 13, 1-15

Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai; e xa que amara os seus que estaban no mundo, amounos ata a fin.

E mentres ceaban -xa o Satán lle movera o corazón a Xudas, o de Simón Iscariote, para que o entregase-, sabendo que o Pai lle puxera todo nas mans, e que saíra de Deus e ía onda Deus, ergueuse da mesa e deixou a túnica; e collendo unha toalla, cinguiuse con ela. Despois, botou auga nunha palangana e comezou a lavarlles os pés ós discípulos e a secarllelos coa toalla que levaba cinguida.

Pero, cando chegou onda Simón Pedro, este díxolle:

– «Señor, ¿vasme ti lavar os pés a min?»

Xesús respondeulle:

– «O que eu fago, ti non o entendes agora; halo comprender despois.»

Pedro replicoulle:

– «Ti non me lavarás os pés a min endexamais.»

Xesús respondeulle:

– «Se non te lavo, non terás parte comigo.»

Exclamou Simón Pedro:

– «Señor, daquela os pés, as mans e mais a cabeza.»

Dille Xesús:

– «Quen se bañou, non precisa máis que lavar os pes, pois está todo limpo; e vós estades limpos, aínda que non todos.»

Sabía quen o había de entregar: por iso dixo: "Non todos estades limpos".

Despois de que Xesús lles lavou os pés e vestiu a súa túnica, sentou outra vez e preguntoulles:

– «¿Comprendedes o que fixen convosco? Vós chamádesme "Mestre" e "Señor" e dicides ben porque o son. Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavarvos os pés uns a outros.

Deivos así un exemplo, para que, como eu fixen convosco, así fagades tamén vós.»